



2ª Lingua Estranxeira Portugués.

Carga horaria: 3h. Departamento: Lingua Galega.

Por que escoller esta materia?

Vivimos nun mundo no que, cada vez máis, saber linguas é unha ferramenta necesaria e primordial para o éxito. Neste sentido os galegos partimos con vantaxe pois, ademais de sermos bilingües, unha das linguas que falamos ábrenos ás portas a unha terceira lingua, o portugués, que é unha das máis faladas no mundo e con gran potencial no futuro. Así pois, a razón para aprender portugués é clara: con moi pouco esforzo conseguirás o máximo resultado.

Por outro lado, a segunda lingua ten a ponderación máxima para as carreiras de humanidades e ciencias sociais nas ABAU e para calquera galego/a é doado chegar ao nivel preciso para superar esas probas na lingua portuguesa e así subir a media nas cualificacións.

Se se che dan ben as linguas, xenial, porque o portugués hache resultar moi doado. Se se che dan mal, non te preocupes porque esta materia céntrase na comunicación (entender e facerse entender: falar e escribir) e ademais virache ben para mellorar estas destrezas de cara tamén a quitarlle proveito nas outras materias de lingua.

Se non estudaches portugués en primeiro e queres facelo agora non te preocupes, podes facelo. Só terás que realizar unha pequena proba na que acredites que es quen de comprender un texto en portugués e facerte entender. Se tes dúbidas podes falar co profesorado do departamento de galego.